



## Día Internacional das Rapazas nas TIC

### "Girls in ICT Day 2014"

**Día:**

24 de abril 2014, xoves

**Lugar:**

Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA. Santiago de Compostela.

**Hora:**

10:00 AM

**Obxecto:**

O próximo día 24 de abril é o día internacional das "Rapazas nas TIC" (*Girls in ICT Day*), promovido e coordinado pola ITU (International Telecommunications Union), da que España é membro, para crear unha contorna global que promova e apoie ás rapazas para que consideren carreiras no eido das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TICs). Este acto está dirixido a dar visibilidade ao colectivo de mulleres emprendedoras no eido das TIC, así como ofrecer un espazo de intercambio e comunicación entre elas e as rapazas e rapaces dos institutos de secundaria de Galicia.

O CESGA, promove e coordina o Proxecto Europeo "ICT-Go-Girls!, *Promoción do emprendemento das rapazas de secundaria a través das TIC*", que se dirixe ás rapazas de primeiros anos de secundaria anos para proporcionarlles unha imaxe máis atractiva do mundo do emprendemento tecnolóxico cara lograr unha maior presenza feminina no eido das TIC.

**Participantes:**

- CESGA (Coordinador do Proxecto ICT-Go-Girls!)
- Secretaría Xeral Igualdade (Colaborador Proxecto ICT-Go-Girls!)
- Consellería de Educación (Colaborador Proxecto ICT-Go-Girls!)
- USC (Participante Proxecto ICT-Go-Girls!)
- AMTEGA – Unidade Muller e Ciencia-
- Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia
- 4 mulleres galegas emprendedoras no ámbito das TIC
- Varios centros de ensino interesados (entre os que están os dous centros piloto proxecto involucrados ICT-Go-Girls: CPI O Cruce (Cerceda, A Coruña), IES Rosalía (Santiago de Compostela).





**Axenda:**

Preside: Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade

10:00 Benvida: Director do Centro de Supercomputación de Galicia

10:05 As rapazas, emprendemento e as TIC. (Manuel Corredoira, Director Xeral Educación e Innovación Educativa, Consellería de Educación e Cultura).

10:10 O papel da muller na modernización tecnolóxica de Galicia. (Mar Pereira, Directora do AMTEGA)

10:15 O proxecto ICT-Go-Girls! Experiencia tras un ano da iniciativa. (María José R. Malmierca, CESGA)

10:20: Mensaxe en vídeo de 4 altas executivas do ámbito español no mundo das TIC, das empresas Fujitsu, Siemens, IBM e HP.

10:30-11:00 Visión e experiencia de catro mulleres galegas emprendedoras nas TIC:

- Alba Souto, co-fundadora de BAMPIFU (<http://bampifu.com/>)
- Ángeles Pariente, xerente de A2, Laboratorio de Ideas ([www.a2laboratoriodeideas.com](http://www.a2laboratoriodeideas.com))
- Cristina Gamallo, Socia Fundadora SITUM ([www.situm.es](http://www.situm.es))
- Susana Ladra, Vicedecana de Organización Académica, Fac. Informática de la UDC e investigadora. Premio Ada Byron del CPEIG 2013 (<http://lbd.udc.es/ShowResearcherInformation.do?id=113>)

11:00 Preguntas dende os centros de secundaria participantes, conectados por videoconferencia.

- CPI O Cruce, Cerceda
- IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela
- IES A Sardiñeira, A Coruña
- Colexio Montespino, A Coruña
- IES Pedro Floriani, Redondela
- IES Nº1 de Ribeira, Ribeira
- IES Poeta Díaz Castro, Guitiriz
- CPI Vicente Otero Valcárcel, Carral
- IES República Oriental de Uruguay, Vigo
- CPI Viano Pequeno de Trazo, Viaño Pequeno (A Coruña)

11:30. Peche do acto. Secretaria Xeral de Igualdade.